



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 28 DE XULLO DE 2017

FAVORABLES.-

LIC/645/2016.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RUA DE RIANXO Nº 8.- Aprobar a modificación da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de xullo de 2016, segundo o modificado do básico e de execución de reforma dun edificio existente para a instalación dun ascensor, rehabilitación das fachadas e substitución da cuberta dun inmovible sito na rúa de Rianxo, 8.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar a reforma dun edificio existente para a instalación dun ascensor, rehabilitación das fachadas e substitución da cuberta no edificio sito na Rúa Rianxo nº 8. LIC/645/2016. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á denegación da modificación puntual do Plan Parcial do Solo Urbanizable Non Programado Nº 27. (SUNP-27) PIÑEIRO. Apróbase a proposta.

4.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa ao inicio de trámites para proceder á recepción das obras "Reparación da rúa Escarabuña e anexas. POS 2015". Apróbase autorizar o inicio de trámites para proceder á recepción das obras nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer o acto.

5.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico relativa á aprobación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións para actividades de promoción e dinamización comercial, 2017. Acórdase aprobar as bases desta convocatoria que ten un custo de 50.000 euros.

6.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico relativa á aprobación das bases reguladoras da convocatoria de axudas para a reforma de locais de negocio, incorporación de tics e innovacións no sector comercial, 2017. Acórdase aprobar as bases desta convocatoria que ten un custo de 25.000 euros.

7.- Proposta da alcaldía relativa á resolución do V concurso de proxectos de publicidade comercial en galego. Apróbase aceptar o acordo do xurado do certame, reunido o pasado 19 de xullo, quen propuxo conceder dous premios de 5.000 euros a

Establecemento El In-Perfecto S.C. co lema “Uns fano en serie. Outros facémolo en serio” e ao Mercado de Abastos de Santiago co lema “Colle praza”.

8.- Dar conta da sinatura de convenio coa Consellería de Educación para a xestión do servizo de comedor escolar en nove centros de ensino público non universitario do Concello de Santiago durante os cursos escolares 2017-18 e 2018-19. Dáse conta do convenio asinado pola Consellería de Educación e o Concello de Santiago para que este último se faga cargo da xestión do servizo de comedor escolar nos vindeiros dous cursos escolares. O convenio supón unha achega económica por parte da Consellería de 74.760 por curso escolar e un total de 149.520 euros.

9.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas. Dáse conta.

URXENCIAS

1.- Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club Santiago Futsal. Apróbase o convenio co club no que se recolle unha subvención nominativa por valor de 65.000 euros.

2.- Alegacións ao expediente aberto por execución defectuosa e demora no contrato de subministro de instalacións eléctricas temporais para alumeados festivos nas rúas, prazas e espazos públicos do Casco Histórico, Ensanche e parroquias de Santiago de Compostela durante as festas de nadal de 2016. Apróbase desestimar as alegacións presentadas pola empresa ILUMINACIONES ARTÍSTICAS SALNÉS SL ante o acordo da Xunta de goberno de 28 de abril de 2017, ao non rebater de ningún xeito os incumprimentos técnicos e contractuais recollidos e acreditados nos informes municipais de 13 de decembro de 2016 e 28 de febreiro de 2017. Acórdase impoñer ao contratista a sanción máxima de 3.750 euros pola execución defectuosa e demora no subministro.

3.- Transmisión de casetas por xubilación do titular. Autorízase o traspaso da caseta NC261, da que é titular Josefina Martínez Vicente a favor de María Paz Arcos Martínez. A caseta dedicarase á venda de peixe, marisco e derivados.

4.- Devolución de fianza. Apróbase autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa ZONA DE OBRA O ROSAL SLU por importe de 1.874,52 euros para responder do contrato de “Servizo de reparación de parques infantís para obter certificación do cumprimento da normativa”.

5.- Servizo de mantemento da aplicación informática de xestión de persoal e recursos humanos ÉPSILON do Concello de Santiago. Acórdase prorrogar o contrato asinado coa empresa CARLOS CASTILLA INGENIEROS SA polo prazo de 2 anos a contar dende o 30 de xuño de 2017 e ata o 29 de xullo de 2019. O contrato ten un custo de 21.246 euros.

6.- Adxudicación do servizo de mantemento do sistema de climatización do centro de proceso de datos. Acórdase adxudicar a prestación deste servizo á empresa VERTIV SPAIN SA por un importe de 5.380 euros ao ano (IVE aparte) formalizándose este contrato coa empresa unha vez constituída a correspondente garantía.

7.- Adxudicación do contrato “Seguro para cobertura de riscos patrimoniais, persoais e de responsabilidade civil derivada do uso de vehículos de motor que integran o parque móbil do Concello”. Apróbase adxudicar o contrato a favor da empresa BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS por un importe de 27.400 euros ao ano. Este contrato incrementa as garantías, incluíndo a

retirada do permiso de conducir, roubo e incendio, responsabilidade civil da mercancía transportada en remolques, camións e maquinaria industrial.

8.- Proposta da concelleira de Igualdade, Desenvolvemento Económico e turismo, relativa á aceptación de subvención da dirección xeral de relacións coas comunidades autónomas e entes locais para a realización do proxecto Plan Xuvenil de integración profesional “Mocidade con Emprego”. Acórdase aceptar a subvención na que se concede ao concello un importe de 1.556.102,02 euros para importe elixible de 1.693.440. Acórdase tamén que o período de execución dos proxectos sexa ata o 31 de decembro de 2018.

9.- Aprobación da solicitude de participación na prórroga do programa de rexeneración e renovación urbanas do plan estatal de fomento do alugueiro de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016. Apróbase a participación do Concello na prórroga do programa para a realización de 40 actuacións no casco histórico, 96 en Vista Alegre, 48 en grupos Cardeal e Quiroga Palacios e 48 no barrio de Vite.